

sogama
EcoXogos

IGLÚ VERDE

Neste contedor debes depositar os envases de vidro, un material 100 % reciclable que pode converterse en vidro novo sen perder ningunha das súas propiedades.

ICONAS


Botella isotónica vidro


Botella gasosa vidro


Bote marmelada vidro


Bote mel vidro


Botella aceite vidro


Bote maionesa vidro


Botella refresco vidro


Botella cava vidro


Bote tomate vidro


Frasco perfume vidro


Loción aftershave vidro


Frasco vidro


Frasco fragrancia vidro


Frasco colonia vidro


Frasco espárragos vidro


Bote potito vidro


Iogur vidro


Frasco pintauñas vidro


Botella vinagre vidro


Botella tónica vidro


Botella leite vidro


Botella salsa vidro


Frasco café vidro


Frasco encurtidos vidro


Bote especias de vidro


Botella auga vidro


Botella zume vidro


Botella batido vidro


Roll-on de vidro


Frasco crema vidro

<u>Ao Iglú Verde non van</u> o vidro plano de ventás, parabrisas, pantallas de televisión, lámpadas, espellos, vasos, copas, porcelana ou cerámica. Lembra que, á hora de depositar os envases, debes retirar previamente as tapas metálicas, tapóns e cortizas.

<u>Ten en conta que o vidro e o cristal non son o mesmo.</u> Posúen compoñentes diferentes que impiden que poidan ser reciclados no mesmo proceso.

CONTEDOR AZUL

Neste contedor debes depositar os residuos de papel e cartón limpos.

ICONAS



<u>Ao Contedor Azul non van</u> papeis de calco e plastificados, envases brik, papel e cartón sucios de graxa ou con restos de comida.

CONTEDOR DE TÉXTIL

Neste contedor debes depositar a roupa, o calzado e os complementos que xa non uses. Son materiais que poden reutilizarse ou reciclarse, axudando a reducir a contaminación e o consumo de materias primas.

ICONAS


Zapatilla deportiva


Bolso


Blusa


Camiseta


Vaqueiros


Pelele bebé


Xersei


Chándal


Calcetín


Traxe de baño


Bañador


Disfrace


Gorra


Botín


Bota


Mochila


Babeiro


Cinto


Vestido


Abrigo


Bata


Moedeiro


Gorro


Mandil


Bufanda


Medias


Chuvasqueiro


Roupa interior feminina


Plumífero


Roupa interior masculina

Dispós de contedores específicos na vía pública xestionados polas Entidades Locais ou por organizacións sen ánimo de lucro tales como Cáritas, Padre Rubinos..., nos que podes depositar a túa roupa, limpa e dobrada, sempre en bolsas pechadas. Existen, ademais, empresas exclusivamente dedicadas á circularidade do téxtil e as principais multinacionais do *retail* estableceron programas de recollida de roupa mediante contedores dispoñibles nos seus establecementos.

CONTEDOR AMARELO

Neste contedor debes depositar envases de plástico, latas e briks, sempre sen residuos orgánicos.

ICONAS


Lata conserva


Brik zume


Bote iogur


Lata refresco


Botella auga


Bote limpeza


Envase aseo


Brik leite


Bolsa snacks


Bolsa plástico rota


Cápsula café de aluminio


Blíster plástico


Spray limpeza


Xel mans


Botella xampú


Bote lavalouza


Bote solar


Pau xeado


Tapa botes


Tapa plástico


Chapa metálica


Cápsula café de plástico


Anela pack latas plástico


Bote talco


Garrafa plástico


Aerosol


Bandexa porexpan


Bebible pouch


Tubo dentífrico


Bandexa aluminio


Roll on plástico


Envases monodose

<u>Ao Contedor Amarelo non van</u> residuos de plástico que non sexan envases (xoguetes, cepillos de dentes, rotuladores, cables eléctricos, enchufes, etc.).

CONTEDOR RESTO

Neste contedor debes depositar os residuos que, dadas as súas características, non poden ser reciclados.

ICONAS


Apósito adhesivo


Cepillo dental


Estropallo


Peluche


Bolígrafo


Lapis


Biberón


Máscaras


Bastonciños


Luvas fregar


Lentes


Compresa salvaslip


Pinza roupa


Chaveiro e chaves


Máquinas afeitar


Cueiros


Cintas embalaxe


Luvas desbotables


Peite


Excrementos mascotas


Cera velas


Chisqueiro


Adornos nadal


Bixutería


Po varrer


Vasos cristal rotos


Chupete


Goma de mascar


Preservativo


Bolsa lixo

<u>Ao Contedor Resto non van</u> os residuos que dispoñan de recollida selectiva.

CONTEDOR MARRÓN

O Contedor Marrón posibilita a recuperación da materia orgánica xerada nos fogares e grandes produtores.

ICONAS


Restos sandía


Casca plátano


Follas


Restos carne


Espiñas peixe


Restos mazá


Casca ovo


Marisco


Restos verdura


Infusión


Restos pizza


Restos galletas


Restos mariscos


Cascas froitos secos


Flores murchas


Céspede


Resto limón


Panos papel sucios


Tapóns cortiza


Bolsas compostables


Mistos madeira


Ósos froitas


Papel madalenas


Filtros café


Borra café


Peladuras patacas


Terra plantas


Ósos


Pan duro


Escarvadentes madeira

<u>Ao Contedor Marrón non van:</u>

- Aceite de cociña ou calquera outro líquido.
- Cueiros, compresas e tampóns.
- Papel hixiénico.
- Pólas de poda.
- Restos aspirados ou varridos, cabichas e cinzas.

CONTEDOR DE LÁMPADAS

Este contedor está destinado ao depósito de todo tipo de lámpadas, fluorescentes, LED e luminarias.

ICONAS



Podes atopalo en establecementos comerciais como ferraxarías, tendas de iluminación ou supermercados. Aquí tes a localización dos puntos de recollida Ambilamp e aquí os de Ecolum.

En poboacións que non dispoñan deste tipo de contedor, estes residuos debes depositalos sempre nun Punto Limpo. Atopa aquí o máis próximo.

PUNTO SIGRE

O Punto SIGRE é o contedor branco situado dentro das farmacias no que debes depositar os medicamentos caducados ou que xa non vaias necesitar, dentro do envase e coa súa caixa e prospecto. Inclúe tamén os envases ao rematar un tratamento, aínda que estean baleiros (blísteres, tubos, frascos, etc.).

ICONAS



Ao Punto Sigre non van radiografías, termómetros, lentes, agullas ou obxectos cortantes, que son residuos que deben ir aos Puntos Limpos. Tampouco van as máscaras e luvas desbotables, que debes introducir no Contedor de Resto.

Consulta aquí a túa farmacia máis próxima: A CORUÑA / LUGO / OURENSE / PONTEVEDRA

CONTEDOR DE ACEITE

No Contedor de Aceite debes depositar exclusivamente aceite de orixe doméstica, é dicir, o que usamos para cociñar.

ICONAS



O aceite non se verte directamente no contedor, senón que antes debes depositalo nun envase de plástico. En poboacións que non dispoñen deste contedor, o aceite usado depositarase nun Punto Limpo. Nunca debe tirarse polo vertedoiro.

Lembra que o aceite é un dos poucos produtos que pode reciclarse ao 100 % e converterse en biodiésel ou outras materias primas tales como asfalto para estradas, teas impermeabilizantes, pintura, tinta ou fertilizantes.

CONTEDOR DE PILAS

Este contedor está destinado ao depósito de pilas e baterías de uso doméstico: pilas alcalinas, pilas bastón e pilas botón.

ICONAS



Pila cilíndrica | Pila cadrada | Pila botón 3V | Batería móbil | Pila petaca | Pila cilíndrica delgada | Pila cilíndrica grosa | Pila botón 1.5V | Batería recargable Li-Po | Pila CR-P2

Podes atopalo nas casas consistoriais, centros escolares, centros sociais e establecementos comerciais. Aquí tes a localización dos puntos de recollida Ecopilas. Algúns concellos contan con contedores específicos para pilas na vía pública, individuais ou integrados no mobiliario urbano.

En poboacións que non dispoñan destes tipos de contedor, as pilas depositaranse sempre nun Punto Limpo. Atopa aquí o máis próximo. Lembra que as baterías de ferramentas ou de calquera tipo de vehículo (coche, moto, patinete, etc.) irán sempre ao Punto Limpo.

PUNTO LIMPO

Os Puntos Limpos son instalacións cun equipamento adecuado para a recepción, clasificación e almacenamento temporal de residuos de orixe doméstica que non teñen cabida no resto de contedores.

ICONAS



Trátase de espazos para a achega voluntaria daqueles residuos que non poden ser xestionados polos servizos convencionais de recollida, xa sexa polo seu tamaño ou pola súa composición. Consulta aquí a rede de Puntos Limpos de Galicia.

Ademais desta rede de puntos fixos, en determinadas localidades existen alternativas de proximidade, como os **Puntos Limpos Móbiles**, que realizan percorridos periódicos por diversas localizacións, ou os **Mini Puntos Limpos**, pequenos contedores a pé de rúa que contan con varios compartimentos.

EcoXogos

EcoSort

EcoBlitz

EcoShooter

ReciclaMatch

